

## INDICACIÓNS PARA A CANALIZACIÓN DA SOLIDARIEDADE DA COMUNIDADE DA UNIVERSIDADE DE VIGO (actualización a 25 marzo 2022<sup>1 2</sup>)

Dende o inicio do conflito bélico en Ucraína moitas persoas da comunidade universitaria expresaron a súa preocupación e vontade de axudar ao pobo ucraíno. Dende a Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación e co ánimo de orientar cara unha boa canalización desa solidariedade publicamos as seguintes recomendacións de acordo coa [AECID](#), así como o comunicado conxunto realizado pola [Xunta de Galicia](#), [FEGAMP](#), [a Coordinadora Galega de ONGD](#), [Farmacéuticos Mundi](#), [Médicos del Mundo](#), [UNICEF](#), [Cruz Vermella](#), [Educo](#), [Entreculturas](#), [ACNUR](#), [Ayuda en Acción](#), [Movimiento por la Paz el Desarme y la Libertad](#) e o [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#) e das recomendacións publicadas pola [Coordinadora Galega de ONGD](#).

Sempre tendo en conta a gravidade da situación en Ucraína e a lóxica preocupación que está a xerar entre a nosa comunidade e a cidadanía en xeral, queremos facer un chamado á solidariedade con todas as persoas que foxen da violencia, a pobreza e que de acordo cos datos de ACNUR a finais de 2020 superaban os 82 millóns no mundo.

### **Como canalizar a solidariedade da comunidade Universitaria co pobo ucraíno.**

A este respecto cómpre salientar que as ONGD galegas xa están a traballar nas fronteiras de Ucraína. Ante as numerosas iniciativas de recollida de axuda para a emerxencia humanitaria de Ucraína, que demostra a boa vontade e ganas de colaborar da comunidade universitaria recoméndase decantarse por opcións sistematizadas para unha situación de conflito bélico e así garantir que toda a solidariedade vai ser útil á poboación ucraína. Varias ONG da comunidade galega xa están levando a cabo accións de axuda en diversos ámbitos (saúde, infancia, refuxio, acompañamento, alimentación...) nas fronteiras de Ucraína e cos seus países veciños. Agora mesmo, Médicos do Mundo, Entreculturas, Farmamundi, Axuda en Acción ou Educo, xunto as súas ONG amigas na zona, teñen equipos traballando nesta emerxencia e outras ONG traballan na nosa contorna para acoller as persoas refuxiadas. Tamén como organización experta en cooperación internacional e axuda humanitaria, nestes momentos a Coordinadora Galega de ONGD quere servir de canle e asesoramento para a cidadanía galega.

### **A solidariedade require unha orde para que a acollida sexa integral.**

É preferible facer achegas económicas e non en especie. Os bens doados en especie en Galicia poden non ser axeitados ás necesidades da poboación e á situación humanitaria e loxística no terreo, que pode variar rapidamente en situacións de crise e debe ser avaliada constantemente. Ademais, supoñen custos e dificultades administrativas e loxísticas adicionais (necesidade de embalaxe, trámites nas alfándegas suplementarios, datas de caducidade...). Polo tanto, resulta máis práctico comprar materiais sobre o terreo que activen a economía e o emprego locais ou facendo uso de *kits* de resposta humanitarios estandarizados, no caso de que os produtos necesitados non estean dispoñibles localmente ou en países veciños. Polo que atinxe aos

---

<sup>1</sup> Agradecemos as achegas e revisións aportadas polo profesorado da titulación de Traballo Social da nosa Universidade, ACCEM e PROVIVIENDA.

<sup>2</sup> Téñase en conta que os protocolos poden mudar día a día, adaptando casuísticas e necesidades.

medicamentos é imprescindible respectar as regulamentacións internacionais para o seu envío e distribución. Entre as principais recomendacións da Coordinadora ás persoas que desexen axudar á poboación ucraína, destacan as seguintes:

1. **A boa vontade non é suficiente. A acollida debe ter un marco xurídico que asegure que se respectan e garanten todos os dereitos.** Se queres apoiar, comproba que optas pola opción máis axeitada. É probable que na túa cidade exista algunha asociación de Ucraína ou entidade social que traballe con persoas refuxiadas. Contacta con ela e coñece as súas necesidades.
2. Non precipites a túa decisión, contrasta e elixe unha vez teñas distintas opcións.
3. **Apoia economicamente.** Os bens doados en especie poden non ser axeitados ás necesidades da poboación e á situación humanitaria e loxística.
4. **As ONG fortalecen ás organizacións locais e as súas capacidades. Son quen mellor coñecen o contexto.** O persoal dunha ONG que traballa nun conflito armado segue un proceso de selección rigoroso, baseado na experiencia e na formación, traballan nestes e en moitos outros conflitos e crises humanitarias ao redor do mundo.
5. **A adopción de nenos e nenas non é unha opción.** Os esforzos céntranse en atendelos no propio terreo e en reagrupalos/as coas súas familias. A acollida de persoas refuxiadas require dunha serie de procesos para garantir que non se vulneran os dereitos das persoas, que reciben a atención legal necesaria e que son conscientes de a onde se dirixen e cales van a ser as condicións a súa chegada. Os gobernos e as ONG son quen teñen os recursos para garantir o traslado e acollida das persoas refuxiadas
6. **Asegúrate de que as fontes de información que utilizas son serias e honestas.** Non compartas chismes ou informacións que alimenten os discursos de odio ou novas falsas.

## COMO AXUDAR DE XEITO EFICIENTE E COORDINADO

**1.- NON DEBO ENTORPECER O TRABALLO DOS/AS PROFESIONAIS.** Hai moita vontade por parte da comunidade Uvigo de colaborar co pobo ucraíno, mais precisamos facelo de xeito organizado e coordinado, escoitando as recomendacións das administracións públicas e ONG competentes. Non debemos acreditar todo o que escoitamos e lemos nos medios, senón acabamos entorpecendo as xestións para materializar a axuda, como xa está acontecendo, sobre todo tendo en conta que esta situación de crise humanitaria prevese que se vai alongar no tempo, polo cal é mellor non precipitarse nas decisións a tomar.

- A acollida de persoas refuxiadas está a ser organizada polo [Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións](#) en coordinación coas Comunidades Autónomas en base á directiva de protección temporal para a acollida ilimitada de ucraínos activada pola Unión Europea. **A acollida realízase a través da rede de Centros de Acollida de Refuxiados dependentes da Consellería e dos dispositivos xestionados por entidades sen ánimo de lucro. En Galicia, [ACCEM](#) é unha entidade financiada polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, que forma parte da Rede Estatal de Acollida e dá resposta inmediata a calquera necesidade de información ou acollida das persoas desprazadas de Ucraína.**

- **A mellor forma de axudar aos refuxiados que chegan é colaborar coas ONG** que xestionan as xestións de acollida para que poidan atender ao gran número de refuxiados que se prevé que chegará axiña.
- **É importante que a acollida e atención se organice a través dos dispositivos e canles habilitadas**, sempre en coordinación coas administracións e as ONG, para facilitar e garantir a seguridade e atención adecuada das persoas que chegan, así como o seu acceso ao marco de protección.
- **Prégase que non se faga acumulación de alimentos, mantas ou outros materiais** de primeira necesidade porque as ONGD que xestionan o reparto da axuda no terreo están saturadas.

**2.- FACER UNHA ACHEGA ECONÓMICA ÁS ONG.** É unha das opcións máis eficientes á hora de querer ofrecer axuda. Entas entidades son as que garanten que poden conseguir os materiais que precisan, evitando gastos innecesarios de transporte.

- **Cruz Vermella, Media Lúa Vermella e Comité Internacional da CruzVermella:**  
<https://www.icrc.org/es/donate/crisis-en-ucrania>
- **Oficina de Coordinación para Asuntos Humanitarios das Nacións Unidas.** Contribución a través do Fondo Humanitario para Ucraína:  
<https://www.unocha.org/ukraine/about-uhf>
- **ACNUR** (Axencia das Nacións Unidas para as Persoas Refuxiadas):  
[https://eacnur.org/es/crisis-ucrania?UTM\\_source=abtasty&utm\\_medium=bubble](https://eacnur.org/es/crisis-ucrania?UTM_source=abtasty&utm_medium=bubble)
- **UNICEF** [https://donaciones.unicef.org.co/emergencia\\_ucrania](https://donaciones.unicef.org.co/emergencia_ucrania)
- **ACCEM** <https://www.accem.es/emergencia-en-ucrania-tu-puedes-ayudar/>

Máis información na **Coordinadora Española de ONG:**

<https://coordinadoraongd.org/2022/03/como-apoyar-a-las-ongd-espanolas-en-ucrania/>

### **10 Consellos para doar a ONG (fonte: Fundación Lealtad):**

#### **Que facer**

- **Infórmate:** comproba quen está actuando e como
- **En especie:** antes de enviar materiais, preguntarlle á ONG que precisa
- **Doazón segura:** esixe todas as garantías de seguridade, privacidade e protección de datos
- **Experiencia:** asegúrate de que a ONG ten experiencia e/ou presenza en terreo. É a clave para o uso eficiente dos fondos
- **Decide que apoiar:** son necesarios recursos de diferente tipo, en diferentes momentos e lugares

#### **Que NON facer**

- **Doar a unha persoa:** nunca fagas unha transferencia ou doazón a unha persoa, sempre a unha ONG

- **Non contrastar:** revisa sempre quen está detrás (na súa web, redes sociais, etc) e que sexa unha ONG realmente constituída

**Tamén é convinte que...**

- **Despois de doar:** consulta a información que vai ofrecendo a ONG. Interésate polos resultados acadados
- **Recuperación:** fará falla axuda para seguir traballando. Colabora tamén no longo prazo para a reconstrución
- **Fondos dirixidos:** a ONG asume o compromiso de destinar estes fondos a esta emerxencia

**Lembra que podes deducir ata o 80% do teu donativo na túa Declaración da Renda das Persoas Físicas**

**3.- QUERO APOIAR ÁS PERSOAS PROCEDENTES DE UCRAÍNA PARA QUE INGRESEN NO SISTEMA DE PROTECCIÓN SOCIAL OFICIAL E SEGURO.** É o mellor xeito de axudalas. Estas persoas deben dirixirse á Policía Nacional para que poidan contar cun **resgardo acreditativo de presentación da solicitude ou resolución de concesión da PROTECCIÓN TEMPORAL expedida polo Ministerio do Interior.** Os/as axentes de policía, ademais de expedir o resgardo acreditativo, asignaranlles un **Número de Identificación Estranxeiro (NIE).**

**Se tes acollida a persoas ucraínas debes notificalo** na Policía Nacional para que poidan solicitar a Protección Temporal. Outra fórmula de poder axudarlles a solicitar a entrada no Sistema de Acollida de Solicitantes de Protección é poñelos en contacto co **673319850 (ACCEM) ou +34 91 047 4444**

**4.- QUERO POÑER A DISPOSICIÓN DESTAS PERSOAS UN RECURSO HABITACIONAL (MELLOR DE LONGA DURACIÓN).** Non o fagas pola túa conta e ponte en contacto cos departamentos de Servizos Sociais do teu concello ou ben chama ao **900 670 909**

**5.- QUERO AXUDAR A ESTAS PERSOAS A ACCEDER Á ASISTENCIA SANITARIA NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (SERGAS).** Para ter dereito á asistencia sanitaria no SERGAS, primeiramente as persoas beneficiarias deberán contar cun resgardo acreditativo de presentación da solicitude expedido pola Policía Nacional ou cunha resolución de concesión da protección temporal expedida polo Ministerio do Interior. Con este documento, deben presentarse nas unidades administrativas de tarxeta sanitaria acreditadas dos Centro de Saúde ou Hospitais, que procederán á inclusión da persoa na base de datos de poboación protexida autonómica, asignándolle un CIP autonómico, e outorgando o documento acreditativo de dereito á carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde.

**6.- QUERO ACOLLER MENORES NON ACOMPAÑADOS.** Unicef publicou o documento [Como axudar aos nenos en Ucraína - 10 cuestións relevantes](#). Tamén explican polo miúdo que **o acollemento familiar non sempre é a mellor opción** para chegar a estes nenos e nenas coa axuda urxente que precisan. Podes ver a información [nesta ligazón](#)

Podes solicitar inscrición no Programa de Familias Acolledoras da Xunta de Galicia, xestionado por Cruz Vermella: <https://acollementofamiliar.gal/> **900 812 880**

**7.- DESEXO TER INFORMACIÓN SOBRE ACOLLIDA A CIDADÁNS DE UCRAÍNA, ASÍ COMO SOLICITAR CITA PARA QUE POIDAN SER ATENDIDOS NOS CENTROS DE RECEPCIÓN:**

+34 91 047 4444 <https://www.inclusion.gob.es/es/ucrania/index.htm>  
ou 673 319 850 (ACCEM-Galicia) <https://www.accem.es/informacion-para-personas-ucranianas-desplazadas-en-espana/>

**8.- NO MEU CENTRO, FACULTADE OU GRUPO QUEREMOS CONTRIBUÍR CON ALGUNHA INICIATIVA:** contactade con [uvigo.refugee@uvigo.es](mailto:uvigo.refugee@uvigo.es) ou +34 986 813 587 (Vicerreitoría de RS, Internacionalización e Cooperación)

**9.- QUERO SER VOLUNTARIA/O.** Ponte en contacto co departamento de Servizos Sociais do teu concello ou con ACCEM (<https://www.accem.es/movilizate/voluntariado/>).

A Universidade de Vigo tamén colabora con distintas entidades sociais como a asociación Provienda e Cruz Vermella que traballan con persoas refuxiadas e migrantes, a través de distintas accións entre as que se atopa o voluntariado. Nestes momentos precísanse persoas voluntarias, especialmente con coñecemento de idiomas. Aquelas persoas que queirades ser voluntarias podedes apuntarvos nos programas de voluntariado que temos en colaboración con estas asociacións a través das seguintes ligazóns:

**Provienda:**

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/voluntariado/public/proyecto/show/78>

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/voluntariado/public/proyecto/show/105>

**Cruz Vermella**

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/voluntariado/public/proyecto/show/98>

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/voluntariado/public/proyecto/show/91>

**10.- AS VIAXES DENTRO DE ESPAÑA POR TREN SON DE BALDE PARA ESTAS PERSONAS:** Renfe facilita gratuitamente billetes en estacións para o traslado de persoas procedentes de Ucraína. O requisito para beneficiarse da gratuidade é presentar un documento de identidade ou pasaporte ucraino.

**11.- COMO ACTUAR ANTE A CHEGADA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA (CANS, GATOS E FURÓNS) PROCEDENTES DE UCRAÍNA**

A política sanitaria da UE respecto á rabia (enfermidade vírica que afecta a cans, gatos e furóns e tamén ás persoas, sendo unha enfermidade extremadamente grave) establece unha serie de requisitos sanitarios previos que deben cumprir os cans, gatos e furóns antes de entrar en territorio UE. Estes requisitos, dada a emerxencia existente, é moi probable que non se poidan cumprir

**Quen teña coñecemento dunha persoa refuxiada acompañada de mascotas (cans, gatos ou furóns), debe contactar de inmediato cos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para activar o protocolo de inspección clínica, documentación e atención do animal.**

Provincia de Pontevedra: Servizo de Gandaría de Pontevedra: 886 206 569

Provincia de Ourense: Servizo de Gandaría de Ourense: 988 386 525

#### TELÉFONOS E ENDEREZOS ELECTRÓNICOS DE INTERESE

**Se tes acollida a persoas ucraínas debes notificalo canto antes na Policía Nacional para que poidan solicitar a Protección Temporal ou chama ao 673319850 (ACCEM) ou +34 91 047 4444**

Se queres poñer a disposición destas persoas un **recurso habitacional (mellor de longa duración)**, ponte en contacto cos departamentos de Servizos Sociais do teu concello ou ben chama ao **900 670 909**

Se **desexas solicitar de información** ou calquera outra comunicación relacionada coa emerxencia en Ucraína: **Xunta de Galicia: [emerxenciasucrania@xunta.gal](mailto:emerxenciasucrania@xunta.gal)**

Para informar de calquera previsión de chegada de cidadáns ucraínos desprazados, empara o formulario web habilitado no enderezo <https://www.inclusion.gob.es/es/ucrania/index.htm>, ou a través do correo electrónico [apoyo.ucrania@inclusion.gob.es](mailto:apoyo.ucrania@inclusion.gob.es), e proporciona os seguintes datos:

- Número de persoas
- Data e hora de chegada
- Punto exacto de chegada
- Sempre que sexa posible facilitarase información sobre se se trata de unidades familiares, menores (e, neste caso, se van acompañados ou solos), ou persoas con algunha circunstancia especial que requira dunha atención específica

#### Documentos de interese

**Recomendacións de colaboración coa poboación ucraína:**

AECID: <https://www.aecid.es/ES/Paginas/Sala%20de%20Prensa/Tus%20campa%C3%B1as/Ucrania.aspx>

XUNTA DE GALICIA E ENTIDADES SOCIAIS: <https://galiciasolidaria.org/como-apoiar-a-poboacion-na-ucraina/>

COORDINADORA GALEGA DE ONGD:

[Comunicado\\_conxunto\\_crise\\_humanitaria\\_Ucraina.pdf \(galiciasolidaria.org\)](#)

**Instrución para o acceso á asistencia sanitaria ás persoas afectadas polo conflito de Ucraína.** Secretaría de Estado de Sanidad. Dirección General de Cartera Común de Servicios del SNS y Farmacia. 18/03/2022

[https://www.sanidad.gob.es/gabinetePrensa/ucrania/docs/Guia\\_de\\_actuacion\\_desplazados-Ucrania\\_18.03.2022.pdf](https://www.sanidad.gob.es/gabinetePrensa/ucrania/docs/Guia_de_actuacion_desplazados-Ucrania_18.03.2022.pdf)

**Orde PCM/169/2022, de 9 de marzo, pola que se desenvolve o procedemento para o recoñecemento da protección temporal das persoas afectadas polo conflito en Ucraína.** BOE núm. 59, de 10 de marzo de 2022, páxinas 28304 a 28307. <https://www.boe.es/eli/es/o/2022/03/09/pcm169>

**Protocolo de actuacións ante a chegada de animais de compañía procedentes de Ucraína:** [https://www.mdsocialesa2030.gob.es/derechos-animales/docs/protocolo\\_animales\\_de\\_ucrania.pdf](https://www.mdsocialesa2030.gob.es/derechos-animales/docs/protocolo_animales_de_ucrania.pdf)